

BASES SELECCIÓN POSTO DE OPERARIO/A MUSEO DO VOLUNTARIADO

Contratación subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Obxecto: Contratación laboral, dunha persoa, durante aproximadamente 3,5 meses T/P (20 h. semanais de luns a domingos cos descansos legais), para a atención do Museo do Voluntariado. Grupo 3.

Requisitos:

- Desempregados/a (Terá que cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de instancias.)
- Posuír algunha das seguintes titulacións:
 -
 - 1. Grao, licenciatura ou ciclo formativo superior, relacionados coa cultura, patrimonio, turismo, xestión cultural ou desenvolvemento local.
 - 2. Os xerais do acceso ao emprego público.

Presentación de instancias

Nas oficinas municipais ou na sede electrónica (páxina web) antes das 14.00 h. no primeiro caso, e ás 24.00 h. no segundo caso, do día 6 de setembro de 2018.

Selección:

Será efectuada o día 12 de setembro ás 10.00 h. mediante:

1. Valoración de méritos:
 - Cursos específicos en materia relacionada co posto de traballo impartidos por centros oficiais, Universidade ou escola de Administración pública con duración superior a 20 h. Máximo de puntuación por este apartado: 1 punto.
 - Coñecemento de idiomas (inglés, francés ou alemán): segundo certificación da EOI ou centro oficial de ensino:
 - Certificado nivel básico: 0,10 p.
 - Certificado nivel medio: 0,5 p.
 - Certificado nivel avanzado: 1 p. (Soamente puntuará o nivel máis alto).

* Se algunha das persoas aspirantes non contase co Celga 4, faráselle un exame de galego, será valorado como APTO ou NON APTO. É obrigatoria a súa superación.

2. Cuestionario e/ou exercicio práctico sobre o programa obxecto do Anexo I destas bases, puntuando de 0 a 10 puntos e sendo preciso obter 5 puntos para entendela superado, non podendo acumularse para iso a puntuación da base de méritos.

Lista de admitidos/as:

O día 7 de setembro, será publicada, na páx. web, a lista de admitidos/as – excluídos/as, contra a que se poderá formular reclamación ata as 12.00 h. do mesmo día. A lista definitiva publicárase o día 11 de setembro.

Anexo:

1. O municipio de Muxía: Termo municipal, poboación, patrimonio, recursos culturais e medioambientais.
2. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración Pública.
3. Nocións básicas sobre informática, tratamento de textos e excel.
4. A atención nun museo dun pequeno municipio. O Museo do Voluntariado de Muxía.

Pode introducirse a realización dalgunha pregunta en outro idioma comunitario (inglés, francés ou alemán).

O tribunal seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.